

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (código de procedemento ED012A).

Mediante Orde do 26 de outubro de 2021 foi convocado concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (código de procedemento ED012A) (DOG núm. 214, do 8 de novembro).

A base vixésimo novena, sobre resolución provisional do concurso, establece que unha vez recibidas na Consellería de Cultura, Educación e Universidade as actas da Comisión Avaliadora, coas puntuacións asignadas ao persoal concursante, procederase, conforme as peticións e os méritos das persoas participantes, á adxudicación dos destinos e faranse públicos mediante resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal/)

Na súa virtude, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar destino provisional ao persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación que figuran na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal/) para cubrir prazas nos centros ou sedes que alí se especifican.

Segundo. Publicar as relacións provisionais de persoas excluídas na páxina web desta consellería polas causas que se indican.

Terceiro. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base trixésima da Orde do 26 de outubro de 2021, o persoal concursante poderá formular reclamación á resolución provisional por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto na Carpetá cidadá no prazo de dez (10) días hábiles desde o día seguinte á publicación da adxudicación de destinos provisionais na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (www.edu.xunta.gal/)



Así mesmo, neste prazo de dez (10) días hábiles desde o día seguinte á publicación da adxudicación de destinos provisionais, o persoal concursante poderá presentar renuncia á súa participación no concurso por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto na Carpeta cidadá. Esta renuncia afectará a todas as peticións e especialidades consignadas na solicitude de participación.

A renuncia deberá realizarse tamén, dentro deste mesmo prazo, na páxina web do concurso (www.edu.xunta.gal/cxt) na lapela habilitada para estes efectos.

As persoas que desexen renunciar a súa participación no concurso deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obteñan destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva, cos efectos previstos na base trixésimo primeiro da Orde de 26 de outubro de 2021.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

